



LOUREZA

O Emperador Dn. Alfonso 7º, en 26 de Xuño do ano 1137, concedeu ao Mosteiro de Oia, entre outras Igrexas, esta De Loureza co nome de Lauseto do Rosal, que intitula así pola vecindade que ten á parroquia do Rosal; o mesmo Emperador en 17 de Abril de 1139 volveulle a dar o Mosteiro de Sn. Mamede de Lourezo con toda a súa xurisdición, sinalándolle os seus límites e demarcacións. No de 1145 o 19 de Abril o Bispo de Tui Dn. Pelayo Menéndez tamén doou á referida casa canto pertencía ao dereito episcopal en Sn. Mamede de Louredo, cos décimos de todo o que cultivasen e posuían aquí, e na outra Vila de Oia. Venera por Patrón tutelar a Sn. Mamede Mártir de Cesarea, que celebran o 7 de Agosto. Habitana 150 veciños, que pertencen polo contencioso político e gobernativo á Xustiza de Oia. Valen os seus décimos 14.000 reais, que levanta por enteiro o Párroco que goza de casa reitoral, igrexario e destros de 10 ferrados de pan en semente; ademais percibe de renda anual 15 ferrados de centeo, 15¾ de miúdo e 27 reais. A fábrica da Igrexa cobra 16½ ferrados de centeo, 19¾ de miúdo e 21 reais. Paga á Mitra de Tui a sexta parte dun Xantar, 1 libra de cera, 33 marabedís vellos e 4 diñeiros. Este Beneficio é de patronato Real e Ordinario, e por provisión do Bispo ponlle o Sínodo Diocesano do ano 1528; pero antigamente o presentaba e presentou por moito tempo o Mosteiro de Oia. Ten Loureza os lugares de Navía e Sta. Comba que seus veciños en 17 de Xuño de 1812 puxeron demanda solicitando desmembrarse desta parroquia, e formar por si outra en todo independente dela, e onde xa tiñan unha Capela antiga dedicada a Sta. Columba virxe e Mártir. Este litixio seguiu con lentitude ata o 21 de Xullo de 1813 en que quedou suspenso sen decidirse, e así está. Estivo en Loureza o Mosteiro de Sn. Mamede do mesmo nome; e asegúrase tivo un Castelo de defensa nun monte que se di do Castelo. Dista da capital Tui 3 leguas e media." (Ávila y La Cueva, 527).



174



Igrexa

A data da edificación da igrexa atopámola inscrita na fachada principal baixo a peaña do patrón: 1780.

A súa **fachada principal** (172) é de gran sinxeleza. O centro presenta a porta de entrada con arco de medio punto e moldurada. Mesmo enriba dela hai unha peaña circular de pedra cun adorno en serra que porta a **imaxe pétrea de S. Mamede** (173). Unha ventá moldurada con derrame exterior e no eixe central da fachada completa o adorno da mesma.

Unha pequena cornixa lineal, con pináculos nos extremos, ascende ata a espadana.

Esta ten dous corpos. No primeiro, sobre unha moldura con adorno espiral nas esquinas, abre dous ocos para as campás. Unha cornixa pouco voada separa o segundo corpo de pequenas dimensións, con oco de adorno. Nos extremos pináculos semellantes aos de remate da cornixa da fachada. Cruz de remate sobre outra pequena cornixa.

No lado sur ten engadida a sancristía.

Presenta planta rectangular, cun estreitamento no arco triunfal para o presbiterio.

A nave ten piso de terrazo. O presbiterio conserva a pedra orixinal.

As paredes presentan a pedra do muro de cachote á vista no **interior** (174) ata a cornixa de arranque da bóveda. A cornixa, ao igual que as pilastras nas que apoian os tres arcos formeiros da bóveda da nave, está recuberta de pedra serrada.

O arco triunfal, de medio punto, apóiase en pilastras de pedra. Este arco, ao deixar as doelas vistas, destaca sobre o enlucido branco que ten a bóveda e os paramentos da ábsida.

Conserva o **púlpito** (175) de pedra. Accédese a el por unha escaleira de pedra adosada á parede. É circular e sostense sobre unha columna exenta.

Conserva dous retablos barrocos colocados en ángulo co arco triunfal e a nave. Son xemelgos.

Para poder acomodalos coas pilastras do arco triunfal tiveron que cortar os machóns exteriores correspondentes.

A tipoloxía e estrutura arquitectónica é a mesma. Mesa de altar, banco amplo dividido polos netos de apoio dos estípites. Unha gran fornela central fonda e con cuarteróns, para acoller a imaxe. Entablamento quebrado. Frontispicio rematado en arco e acollido por machóns.



175



No centro do banco do **retablo do Sagrado Corazón (176)** está o sagrario, no que destaca a fermosa porta cunha custodia en relevo.

O **retablo de Santo Antón (177-178)** sufriu unha transformación nunha restauración desafortunada. Para poder colocar nel a táboa das Ánimas no centro do banco, elevouse o Sagrario, e na actualidade ocupa o centro da fornela, servindo tamén de base para colocar o Santo.

Non se pode comentar a derradeira intervención nestes retablos que hoxe aparecen pintados por un artista local, o mesmo que o púlpito.

Hai referencias dun retablo dedicado a S. Xosé, fabricado por Diego de Otero no ano 1704 para a igrexa do convento de Sta. María de Oia, ao igual que outro xemelgo encargados para albergar a S. Bernardo e a Nosa Señora da Consolación.

Capela do Santo Anxo da Guarda

Pegada ao muro da finca.

É unha moi pequena capela (39 m²) de planta rectangular.

Estivo moito tempo en ruínas e deixou de ter culto.



Capela do Doce Nome

No barrio de Navia.
Tamén moi pequena.
Conserva un pequeno retablo.
Hai cruceiro próximo á capela.

Capela de Santa Comba

No barrio do mesmo nome.
Ten o piso de terrazo e o teito en madeira.
No paramento da ábsida hai un retablo coa imaxe da Santa (179).
Na fachada principal hai un pòrtico e nel o pùlpito de pedra.

FESTAS E ROMAXES DE LOUREZA

- O Doce Nome: Último domingo de abril.
- Sta. Comba: 1º domingo de maio.
- S. Mamede (180): 7 de agosto.



180